

Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para Nómades Dixitais Termais, correspondente ao exercicio 2024.

As novas tecnoloxías e a súa irrupción provocaron, e seguen provocando, cambios significativos. Indiscutiblemente modificaron o sistema de traballo, pero tamén a cultura de traballo.

O uso da internet para desempeñar unha ocupación, ou para vender coñecementos a persoas e empresas fixo xurdir a figura do NÓMADE DIXITAL como concepto.

Este perfil de persoas busca liberdade de movemento e un tipo concreto de estilo de vida, xerou un modelo de traballo que foxe do presencialismo e, ao tempo, foxe tamén do modelo pater/maternalista do traballador/a dependente; rompe coa idea de ter que “estar” nun sitio para traballar, e convive coa oportunidade de viaxar traballando.

O/A nómade dixital quere obter diñeiro a cambio do seu traballo, pero tamén desexa adquirir o activo principal de cada persoa: tempo, para alcanzar experiencias diferentes.

Os balnearios, estiveron desde sempre vinculados aos procesos de transformación e cambios; no seu día, os relacionados estritamente coa innovación médica que estes supoñían, cando se presentaban como unha nova terapia, para pasar despois á innovación social que implican transformacións de condutas.

Nesta histórica capacidade de estar vinculados á transformación quérense identificar como destino nómade dixital, e abandeirar o concepto de *NOMADAS DIXITAIS TERMAIS*. Queren seguir participando de forma activa en esta nova sacudida social e laboral que asente as bases dunha nova cultura e ofrecer aos membros deste concepto de traballo nómade alternativas que faciliten a atención a necesidades existentes, tales como aloxamento, alimentación e lecer experiencial conxugando con boa conexión a internet tanto nos seus espazos individuais como nos comúns, e espazos flexibles de traballo compartidos xerando unha contorna propicia para a produtividade.

Os balnearios atópanse situados en contornas cunha rica cultura, ofrecen un ambiente tranquilo e rural caracterizado pola hospitalidade, o acceso á gastronomía local, e acceso a novas experiencias.

Ao tempo desexan ofrecer ao ámbito territorial onde a instalacións balnearias están situadas, a posibilidade de acceder ao coñecemento que proxectan os membros desta comunidade xa que con eles levan os seus modelos de proxectos e negocios, mestúranse coa comunidade empresarial

local, e posibilitan que se poida acceder ao talento sen necesidade de ter que contratar de maneira formal: unha oportunidade que desde a administración local provincial quere potenciarse.

A esta formulación de atracción como destino nómade dixital que contribúe á diferenciación do sector, que atrae poboación e fixa servizos no territorio, súmase a Deputación de Ourense desenvolvendo unha liña de axuda para perfís o destino NOMADE DIXITAL como atractivo para esta comunidade, dando facilidades para ser accesible .

Bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para NOMADES DIXITAIS TERMAIS.

Primeira.- Obxecto e beneficiarios.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento de estancias termais para nómades dixitais, creando o concepto de Nómade Dixital Termal, mediante concorrencia non competitiva, a través do procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Segunda. Programa de Estancias Para Nómades Dixitais Termais

A través do procedemento regulado nas presentes bases, a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións para o Programa ESTANCIAS PARA NÓMADES DIXITAIS TERMAIS que implica unha estancia nunha instalación termal entre 10 e 30 días en réxime de pensión completa.

O aloxamento poderá ser en habitación dobre compartida ou habitación individual.

Terán acceso a 10 técnicas termais como mínimo, con posibilidade de revisión médica as/aos beneficiarias/as

O aloxamento proporciona conexión a internet de alta velocidade, nos espazos de uso persoal (habitacións), así como os espazos comúns. Proporcionando igualmente un espazo común de traballo con conexión a internet e horario flexible.

Terceira.- Descrición do Estancias para Nómades Dixitais.

Esta subvención financiará :

- A estancia dos/as nómades dixitais durante os días seleccionados, que serán entre 10 e 30 días, en réxime de pensión completa (almorzo, comida e cea).
- Acceso aos tratamentos termais segundo a proposta dos balnearios ofertantes, durante os días de estancia e onde recibirán un tratamento ao día como mínimo.
- Acceso a internet de alta velocidade nos espazos de uso persoal/individual
- Acceso a internet de alta velocidade nos espazos de uso común
- Acceso a un espazo de traballo colectivo con horario flexible

Cuarta.- Réxime xeral dos servizos obxecto de subvención.

A subvención regulada na presente convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos balnearios sinalados nas presentes bases, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional e non previsto nestas bases que poida ser prestado polos establecementos as/aos beneficiarias/os.

En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento dos/as afectados/as, sen que se poida impoñer ás persoas beneficiarias a súa recepción.

Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamento balneario serán prestados polos establecementos ás persoas usuarias con carácter de servizos persoais, prestados conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso será parte na relación contractual entre persoas beneficiarias e os establecementos.

Quinta.- Establecementos balnearios incluídos nos programas subvencionados.

1. Os establecementos balnearios onde se poderán realizarán as estancias son os seguintes:
 - Gran Balneario do Carballiño.
 - Balneario Arnoia Caldaria.
 - Balneario Laidas Caldaria
 - Balneario Lobios Caldaria.
 - Balneario de Cortegada.
 - Balneario de Caldas de Partovia.

2. Sen prexuízo do anterior, ao longo do exercicio 2024 poderán incorporarse outros establecementos balnearios da provincia de Ourense que así o soliciten. A inclusión de novos establecementos durante a vixencia do programa de subvencións, farase pública a través da sede electrónica da Deputación Provincial.

Os establecementos balnearios incluídos no programa terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao amparo do establecido no artigo 12 da Lei Xeral de Subvencións, concretándose os seus dereitos e deberes mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nas presentes bases. Sen prexuízo de que o convenio regule outros aspectos, recolleranse os deberes de xustificación das subvencións e o deber de darlle publicidade a participación da Deputación na financiación dos servizos prestados, e, en todo caso, a xustificación presentarse obrigatoriamente, antes do día 11 de decembro de 2024.

O tipo de tratamento ofertado dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ao establecemento.

Os prezos finais para persoas usuarias dos servizos de cada establecemento, logo da aplicación das subvencións previstas nestas bases, figuran no enderezo electrónico <https://www.termalismourense.com/>.

A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamentos ofertados, estará dispoñible para consulta das persoas interesadas, durante o prazo de formulación de presentación de solicitudes, no enderezo electrónico seguinte: <https://www.termalismourense.com/>.

Sexta. Persoas beneficiarias das subvencións.

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases, as persoas físicas que reúnan os requisitos que se esixen, segundo se expresa a continuación:
 - Ter un traballo acreditado baseado no uso da internet e non precisar ter presenza física en espazos de traballo diferentes aos proporcionado polos establecementos balnearios.
 - Non ter residencia fixa habitual en ningún concello da provincia de Ourense
 - Ter as licenzas e/ou autorizacións administrativas esixibles segundo a lexislación española para desenvolver a súa actividade profesional/laboral en España.
 - Non padecer enfermidade, nin alteración ou contraindicación médica, que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
 - Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiaria/ou da subvención, como acompañante, calquera persoa maior de idade que desexe realizar unha estancia xunto coa persoa que cumpra cos requisitos para ser beneficiario/a desta subvención. Neste caso, as condicións da súa estancia nos establecementos balnearios terá que ser pedida de forma conxunta e realizarse de forma simultánea, sen que esta persoa teña acceso a unha habitación de uso individual.

Sétima.- Disponibilidades orzamentarias.

O orzamento previsto para os programas regulados nestas bases é de 20.000 €, con cargo á partida orzamentaria: 31331 / 20700 dos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2024.

Oitava.- Prezos das estancias e Contía das subvencións e prezos dos servizos.

Os prezos diarios das estadias serán os seguintes:

- Habitación dobre compartida: o prezo oscilará entre un mínimo de 72,00€/persoa día e un máximo de 89,00€ persoa día.
- Habitación individual: o prezo oscilara entre un mínimo de 90,00€ persoa día, e un máximo 110,00 persoa día.

As subvencións terán os importes seguintes de 25€/día persoa beneficiaria sexa en habitación dobre ou habitación individual con unha subvención máxima de 450€ en total por persoa beneficiaria e estancia.

Novena.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte das persoas beneficiarias.

1. Os/As beneficiarios/as abonarán o prezo das prazas da forma seguinte:

- a) Previamente á formalización da solicitude de subvención e á súa presentación no Rexistro Xeral da Deputación, o/a interesado/a deberá autorizar ao establecemento balneario da súa elección para efectuar, con cargo a unha tarxeta de crédito, dunha retención en garantía do pago da estancia ou tratamento de 150,00€
 - b) A cantidade pendente para completar o pago total da praza, no seu caso, aboarase directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente..
2. No caso de que o/a solicitante decida renunciar á praza adxudicada poderá facelo e terá dereito a que se lle libere a retención en garantía, que verá reflectida na súa tarxeta de crédito. Para que poida ser efectivo o dereito a esta devolución, a renuncia terá que facerse cun mínimo de 15 días naturais de antelación á data de inicio do seu programa subvencionado. A renuncia tramitarase telemáticamente a través da plataforma informática. Logo de comezar a gozar do Programa non poderá solicitarse devolución algunha.

No caso de que a renuncia implique unha modificación de datas para a realización do programa, só se permitirá unha única modificación de datas. De producirse unha segunda renuncia a este período alternativo non existirá posibilidade de devolución do importe de reserva.

Décima.- Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible.

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación destas bases na Base de datos Nacional de Subvencións, e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, sempre dentro dos períodos ofertados durante o exercicio 2024.

1. As solicitudes deberanse realizar telemáticamente, a través da dirección electrónica <https://www.termalismourense.com/>, rexistrándose as mesmas ante o Rexistro Electrónico Xeneral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación das solicitudes terá carácter obrigatorio, ao amparo do previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 7.2 da vixentes Ordenanza de acceso electrónico aos servizos provinciais da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 296, de data 28.12.2009), ao estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade de medios tecnolóxicos precisos conforme ao establecido nos parágrafos seguintes, polo que non se admitirá ningunha solicitude que se formule por outros medios, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme ao previsto nesta base.

A solicitude, unha vez cubertas na plataforma electrónica, presentaranse ante o Rexistro da Deputación de Ourense con Certificado electrónico a través de calquera dos medios válidos habilitados por esta Deputación, entre eles o sistema de Recoñecemento por Voz que funcionará da forma seguinte:

Identificación dixital por voz

A persoa interesada deberá solicitar unha cita na Deputación de Ourense a través de unha chamada ao 988 917766. Nesta chamada concertarase un día e hora para firmar a solicitude por voz: firma biométrica vocal, que quedará anexada a solicitude para poder presentarse no rexistro dixital por funcionario/a habilitado/a.

A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista no presente apartado, de maneira tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que dita deficiencia sexa emendada.

Esta comunicación terase que facer, necesariamente, en Español ou en Galego

Non será necesario achegar ningunha documentación coa solicitude, xa que a Deputación procederá, de oficio, á comprobación dos datos do interesado necesarios para resolver o procedemento, mediante consulta nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas e acordo co establecido no artigo 28.2 e 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo os datos obxecto de consulta os seguintes:

- A identidade e data de nacemento da persoa física solicitante, a través do seu DNI ou NIE.

- O municipio de empadramento do solicitante.

Non obstante o anterior, o interesado deberá achegar coa solicitude a documentación que se indica nos seguintes casos:

- No suposto de persoas estranxeiras non residentes en España, deberán presentar copia electrónica auténtica do seu pasaporte.
- Documentación acreditativa suficiente para poder residir e traballar no territorio de España durante, como mínimo, o tempo previsto nestas bases de estancia de “nómades dixitais termais”
- No suposto no que o solicitante non autorice á Deputación para a consulta dos seus datos, deberá achegarse copia electrónica auténtica do seu DNI ou NIE e do seu certificado de empadramento.
- No suposto en que non sexa tecnicamente posible que a Deputación efectúe a consulta dos seus datos, a Deputación poderá requirir ao interesado para que achegue a documentación necesaria.

3. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Décimo primeira.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luís Menor Pérez, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) Os datos do delegado de protección son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a xestión das correspondentes solicitudes. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial <https://www.depourense.gal/>.

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto da documentación obrante no expediente atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, aos balnearios, entidades colaboradoras, para que poida tramitar as solicitudes de estancias correspondentes e dar cumprimento así o obxectivo último deste programa.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o previo expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Décimo segunda.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións.

A área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes completas presentadas a través do rexistro, concedéndose as subvencións conforme co sinalado nesta base, en función da dispoñibilidade de prazas existentes en cada momento, determinada polo crédito orzamentario dispoñible.

As subvencións adxudicaranse, seguindo a orde de prelación establecido pola data e hora de presentación ante o rexistro da solicitude, completa, beneficiaria da subvención. Este código data/hora será xerado de forma automática pola plataforma informática por cada solicitude que se presente.

A información sobre o número de prazas dispoñibles en cada momento será pública e accesible de maneira permanente a través da plataforma informática.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada venres (semanalmente) e referirase a todas as solicitudes presentadas entre 00.01 horas do venres anterior ao da valoración ata as 23:59 horas do xoves previo ao venres de valoración. O sistema determinará a cualificación como “conforme con subvención Deputación”, ou “excluída”, en atención a que cumpran cos requisitos de acceso esixible para cada Programa ou non, e da existencia de crédito orzamentario dispoñible.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión trimestralmente, como máximo, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

A listaxe non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao amparo do establecido no artigo 45.2.b) da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, advertirase mediante correo electrónico ou SMS aos interesados que fagan constar a súa dirección de correo electrónico ou teléfono móbil na súa solicitude.

En todo caso, os interesados poderán dirixirse en todo momento á Área de Benestar da Deputación Provincial que facilitará a información precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Décimo terceira.- Normativa de aplicación.

No non disposto nas presentes bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

No caso de particulares, pódese interpoñer, opcionalmente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso- Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

No caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, no caso de que se formule o requirimento previo-, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado.

Non obstante ao anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.